

CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA



Situación: Avda. de Vigo, s/n Campus Sur
15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 569 810
Fax: 981 594 616
www.cesga.es
info@cesga.es



O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) é o centro de cálculo, comunicacións de altas prestacións e servizos avanzados da Comunidade Científica Galega, sistema académico universitario e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

O CESGA leva a cabo súas accións a través da Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia e da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia. Inicialmente creouse no ano 1993 como Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (que se disolverá cando finalicen as convocatorias que ten: ~1/2 anos), logo creouse a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, entidade sen ánimo de lucro cuxos patróns seguen sendo a Xunta de Galicia e o CSIC.

A misión da Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia é a promoción de servizos comúns de apoio á investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións en Galicia e na comunidade investigadora do CSIC. A da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia é o fomento, a difusión e a prestación de servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galegas e do CSIC, así como a quen o solicite e deste modo, contribuír mediante o perfeccionamento tecnolóxico e a innovación á mellora da competitividade das empresas.

Os obxectivos da SAX son promover e difundir o uso de tecnoloxías de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas e o uso de tecnoloxías relacionadas coa sociedade do coñecemento incluíndo comercio electrónico, e-learning e sistemas de información xeográfica. Pola súa banda, os da Fundación son proporcionar servizos de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas, xestionar a "Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia" e fomentar e proporcionar a cooperación entre empresas e institucións.

Recursos humanos

O equipo do CESGA está repartido entre 43 persoas como persoal da Fundación Centro de Supercomputación de Galicia e 12 empregados pertencentes ó persoal da Sociedade Anónima de Xestión.

Organización / Áreas de traballo

A Fundación CESGA é unha institución sen ánimo de lucro cuxos patróns pertencen á Xunta de Galicia e ao CSIC. A S.A.X. CESGA constitúese como unha Sociedade Anónima de Xestión na que participan a Xunta de Galicia cun 70% do capital e o Consello Superior de Investigacións Científicas (C.S.I.C.) có 30% restante. A estrutura organizativa é a mesma para as dúas entidades e nela, e dependendo da Dirección, hai un comité de calidade, unha secretaría e dúas subdireccións de sistemas e comunicacións e de aplicacións e proxectos. Cada unha das entidades ten os seus órganos de goberno.



Entre as áreas de traballo nas que se centra a actividade do CESGA atópanse as seguintes: Área de Promoción e Comunicación, Área de Sistemas, Área de Comunicacións, Área de Proxectos e Aplicacións, Área GIS, Área e-Business, Área e-Learning e por último a Área Software Libre.

■ Instalacións / Equipamento

Como referente e mostra dos importantes e numerosos recursos cos que conta o CESGA poden citarse a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia, Supercomputador Superdome e o Supercomputador Finisterrae.

■ Servizos

A prestación de servizos aos usuarios do CESGA está orientada fundamentalmente a proporcionar o apoio técnico necesario para a explotación dos sistemas de Supercomputación y a análise e presentación de resultados. Os servizos poden clasificarse como:

- almacenamento de datos
- computación
- comunicacións
- sistemas de información xeográfica
- proxectos de investigación e desenvolvemento
- salas Access Grid
- teleformación e videoconferencia

■ Proxectos destacados

- "EGEE (Enabling Grids for E-Science in Europe) Y EGEE II". Referencia CERN .Grid máis grande do mundo, participando desde a orixe cun orzamento de 32 millóns de euros , 8 persoas dedicadas en exclusiva.
- "TORGA.net" – Universidade de Vigo, Universidad de Braga. Infraestruturas de rede para comunicacións colaborativas no norte de Portugal e Galicia
- "Radioterapia de Intensidade Modulada, (Intensity Modulated Radiation Therapy)IMRT":
- Universidade de Santiago de Compostela USC e Complexo Hospitalario Universitario de Santiago CHUS.

■ Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

- Soporte en Simulación Numérica y Comunicacións á maioría dos Centros Tecnolóxicos galegos.
- Existen convenios para intercambio de horas de computación cos seguintes centros:
 - Centro de Informática Científica de Andalucía CICA
 - Centre de Supercomputació de Catalunya, CESCA

e Convenios de Colaboración en vigor con:

- BSC-CNS: Barcelona Supercomputing Center- Centro Nacional de Supercomputación
- UIB Universitat de les Illes Balears
- Fundación Centro de Supercomputación de Castilla-León, FCSC.

■ Acreditacións e certificacións

O Centro de Supercomputación de Galicia é conforme á norma ISO 9001:2000.